



Asistentes:

Alcalde, Fernando Pérez Fernandez

Concelleiros/as:

PP

Oscar Vázquez Corral.

Emilio Mahía Neira.

Juan Carlos Gundín Fontecoba

BNG:

Alvaro X.García Freire

Javier Suarez Sanchez

Hortensia Vázquez Gómez

Secretaria:

Minia Astray Barca

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DESTE CONCELLO NA SALA DE  
SESIÓNS O VENRES DIA 19 DE DECEMBRO DE  
2025.-

Na casa do concello de Vilasantar, sendo  
as 10:00 horas do día baixo a presidencia do Sr.  
Alcalde, reúnen os concelleiros/as que no  
marxe se indican co obxecto de celebrar sesión  
ordinaria do Pleno da corporación. A  
Continuación pasouse o estudo da orde do día,  
adoptándose sobre os asuntos contidos na  
mesma os seguintes acordos:

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o  
Alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procedese a tratar os asuntos incluídos na  
Orde do Día:

### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO MUNICIPIO DO EXERCICIO 2024.**

#### **DEBATE**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que a presente proposta ten como obxectivo a  
aprobação da Conta Xeral que foi informada por Intervención e foi sometida a Comisión  
Especial de Contas o 03/11/2025 no cal foi aprobada e foi exposta ao público durante 15 días  
hábeis durante os cales non se presentaron alegacións nin reparos nin observacións. Son as  
contas do ano anterior.

Indica o Sr. García que o que eles queren é unha explicación política un pouco máis  
extensa, non nos parece que con esa simple afirmación de que foi un mal ano que se deixe  
quedar ao que o Sr. Alcalde indica que ten tódolos datos remitidos e que se ten algunha dúbida  
que pregunte e os datos son os que son e son os datos do ano 2024 e que están mirando cara  
diante.



Indica o Sr. García que de todos xeitos a análise rigorosa da Liquidación da Conta Xeral 2024 é dunha evidencia incontestable, o Concello de Vilasantar ten un problema grave de déficit estrutural, de esgotamento da tesouraría e dun modelo de xestión que xera débeda diferida e risco financeiro real. O que hoxe debatemos non é só un documento contable. É unha radiografía da xestión municipal do ano 2024. E o que esta Conta Xeral amosa é un Concello con menos recursos, con máis dependencia e con pouca planificación. O resultado económico de 2024 é claramente negativo. Non é un accidente é a consecuencia directa dunha política de gasto sen control, sen previsión e sen equilibrio entre o que se promete e o que realmente se pode asumir.

Continúa o Sr. García indicando que a débeda financeira en préstamos bancarios vivos no 2024 son de máis 300.000 euros sen contar os créditos da administración. Con relación ao resultado de déficit orzamentario os números non minten e segundo a liquidación os dereitos recoñecidos netos (ingresos reais): 1.921.935,30 € e obrigas recoñecidas netas (gastos reais): 2.636.682,71 € o que da un déficit orzamentario bruto: -714.747,41 €. Isto significa algo moi sinxelo, no 2024 o Concello gastou máis de 700.000 € que non xerou. Con respecto á situación de liquidez do Concello empeorou gravemente en 2024. A tesouraría inicial era de 393.007 € e terminouse o ano cunha tesouraría final: 121.329 €. Unha perda de liquidez: -271.678 €. Esta caída deixa ao Concello cun colchón financeiro moi reducido, máis vulnerable ante imprevistos, e sen marxe para actuar con autonomía estamos a ver un Concello que, malia aumentar o gasto, dispón de menos efectivo e menos marxe de manobra.

Con referencia ao resultado orzamentario axustado alerta da estabilidade, tralos axustes legais o Resultado orzamentario axustado é de -243.675,85 €, este dato é clave porque indica incumprimento do equilibrio orzamentario e activa alertas de estabilidade. Un concello pequeno NON pode permitirse déficits recorrentes deste tamaño. Con respecto ao Remanente de tesourería no que o déficit é crecente. Os remanentes de tesourería para gastos xerais son negativos, e o seu deterioro é constante - 408.927 euros no 2022, - 537.264 euros no 2023 e - 1.158.291 euros no 2024. Falamos, polo tanto, dun déficit acumulado que se triplica en só dous anos. Isto significa que o Concello está gastando moi por enriba das súas posibilidades, e que cada ano deixa máis obrigas sen cubrir.

Continúa expoñendo o Sr. García e dicindo a existencia da gran estafa do orzamento, ingresos irrealistas para xustificar o gasto. O PP aprobou un orzamento con previsións irrealistas, o orzamento aprobado de 4.000.000 €, ingresos reais recoñecidos sobre 1.900.000 €. Interrompe



o Sr. Alcalde para preguntar de que ano é o orzamento ao que se fai referencia ao que o Sr. García responde que ao orzamento do ano 2022 que é o que estaba vixente no 2024. Continúa o Sr. García indicando que os datos anteriores deixan unha diferenza de máis de 2.000.000 €. Sirva como exemplo o Capítulo do orzamento no apartado 3 : taxas, prezos públicos e outros ingresos no que as previsións orzamentarias definitivas é de 874.295,72 euros e a recadación neta de 12.539,24 euros e o defecto previsión é de - 861.756,48 euros. Como é posible que funcionáramos durante tres anos con este orzamento e non se tomaran medidas? Isto é fraude político, prometer gasto sabendo que non hai ingresos reais.

Con relación ao endebedamento por habitante, continúa o Sr. García, que o pasivo corrente e non corrente segue unha liña ascendente no ano 2023 a ascendía a 1.413.341,95 € e no ano 2024 a ascendía a 1.781.235,02 € cun aumento de 367.893,07 euros. Pasando a débeda por habitante a 1.443, máis de 300 euros que no ano anterior a esta cantidade temos que sumarlle a parte correspondente dos 300.000 euros do recoñecemento extraxudicial de crédito. Resumindo, o PP gasta máis do que ingresa, consume os aforros, non executa investimentos e conduce o concello cara o abismo. Non é alarmismo. É matemática. Polo tanto, **non podemos aprobar unhas contas que presentan déficit, perda de liquidez, aumento de obrigas.**

Indica o Sr. Alcalde que é a Conta Xeral do 2024 e que saben a situación, aprobouse o plan, aprobouse o orzamento e a situación xa sabedes agora mesmo o que se está a realizar.

## ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar a Conta Xeral do Municipio do exercicio 2024 do Concello de Vilasantar.

**SEGUNDO.-** Remitir a Conta Xeral do exercicio 2024 do Concello de Vilasantar aprobada xunto con toda a documentación que a integra ao Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

## VOTACIÓN DO ACORDO

Votos a favor: 4 votos (PP)



Votos en contra: 3 votos (BNG)

**SEGUNDO.- APROBACIÓN POS+ADICIONAL 4/2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS).**

**DEBATE**

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que a presente proposta ten como obxectivo a aprobación do POS arriba indicada e que é por un total de 127.311,44 euros que consideramos nun proxecto de amaño de estrada “Reforzo do firme de calzada con M.B.Q. da estada do Seixo ara o cruce coa DP-3205 e da estrada de Carapetelo ao Lugar de Ril”.

Indica o Sr. García que eles están a favor de tódalas obras que se plantexa o que non nos parece es que finalmente non se finalice a estrada principal do Barbeito, é dicir, que se podería ter arranxado coa cartos que se dirixen á estrada da cooperativa e fanse certas aclaracións con relación á situación da mesma. Indica o Sr. Alcalde que o que lles queda é dende o cruce de Ril ata arriba, nada máis, é o tramo da cooperativa ten bastante máis custo. Indica o Sr. García que remataría e esa e poderíase facer ata a cooperativa por unha das pista. Indica o Sr. Alcalde e que ese é o criterio do BNG e non o deles. Continúa o Sr. García indicando que deberían cambiar o nome do proxecto, xa que, aquilo non é o lugar de Cernadas.

**ACORDO**

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

| DENOMINACIÓN | Financiamento dos investimentos |                  |  |                |                 |
|--------------|---------------------------------|------------------|--|----------------|-----------------|
|              | Deputación                      | Concello         |  |                | Orzamento total |
|              |                                 | Achega municipal | IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable ) | Total concello |                 |



|   |              |  |  |  |              |
|---|--------------|--|--|--|--------------|
| REFORZO DO FIRME DE CALZADA CON M.B.Q. DA ESTRADA DO SEIXO ATA O CRUCE COA DP-3205 E DA ESTRADA DE CARAPETELO AO LUGAR DE RIL | 127.311,44 € |  |  |  | 127.311,44 € |
|   |              |  |  |  |              |
|   |              |  |  |  |              |
| <b>TOTAL</b>  | 127.311,44 € |  |  |  | 127.311,45 € |

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



### VOTACIÓN DO ACORDO

Votos a favor: 4 votos (PP) e 3 votos (BNG).

### TERCEIRO.- APROBACIÓN POS+ADICIONAL 1/2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que a presente proposta ten como obxectivo á aprobación do POS social e que a cantidade que se teñen é de 46.340,80 euros dos cales vaise meter 198,74 euros nunha impresora e 8.000 euros en emerxencia social e 4.000 euros en CIBERSAD e o resto irá destinado á dependencia.

#### ACORDO

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2026" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

**Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2026**  
**Dato notificado que figura no seu expediente**

46.340,80 €

*(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)*

| GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026              | PREVISIÓN DE GASTOS 2026 | ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS | ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO | IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL | OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO |
|--|--------------------------|--|---|----------------------------------|-------------------------------------|
|  | (A)                      | (B)  | (C=A-B)                                       | (D)                              | (E=C-D)                             |
| Gastos correntes                                 | 353.773,00 €             | 219.883,00 €                                     | 133.890,00 €                                  | 46.142,06 €                      | 87.747,94 €                         |
| Investimentos: Tipoloxía i                       |                          |  | 0,00 €  |                                  | 0,00 €                              |
| Investimentos: Tipoloxía j                       | 198,74 €                 | 0,00 €   | 198,74 €                                      | 198,74 €                         | 0,00 €                              |
| <b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026</b> | <b>353.971,74 €</b>      | <b>219.883,00 €</b>                              | <b>134.088,74 €</b>                           | <b>46.340,80 €</b>               | <b>87.747,94 €</b>                  |



#### IMPORTE SOLICITADOS

|   |                    |
|---|--------------------|
| I. Importe solicitado para gastos correntes               | 46.142,06 €        |
| II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i    | 0,00 €             |
| III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j  | 198,74 €           |
| <b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)</b> | <b>46.340,80 €</b> |

2. Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

#### VOTACIÓN DO ACORDO

Votos a favor: 4 votos (PP) 3 votos (BNG)

Levantase a sesión , sendo as 10:15 horas do que eu secretaria dou fe.

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE